



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tífs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

Asunto:

BASES PARTICIPACIÓN "XI CONCURSO DE ESCAPARATES NO NADAL 2017"

Prego de bases que rexerán a participación no XI Concurso de escaparates no Nadal 2017 organizado polo Concello de Santa Comba e en colaboración coa Asociación de Empresarios de Santa Comba.

1.- Poderán participar neste concurso tódolos/as comerciantes titulares e/ou cotitulares do establecemento comercial ou, no seu caso, persoa designada aos efectos do concurso, situado no Concello de Santa Comba, que conte con escaparate.

2.- A inscrición ao concurso é gratuíta e deberán entregar unha solicitude de inscrición, segundo o modelo creado para tal efecto, nalgún dos seguintes sitios:

- Conserxería (centro de cultura).
- Edificio multiusos (oficina orientación laboral).
- Oficina de emprego e desenvolvemento local (casa do concello).
- Asociación de Empresarios de Santa Comba (Rúa Pontevedra, nº 9).

3.- O prazo de inscrición comezará o luns 11 de decembro de 2017 e rematará o luns 22 de decembro de 2017 ás 14:00 horas.

4.- A decoración dos escaparates será examinada polo xurado dentro dos DOUS días hábiles seguintes ao peche do período de inscrición, a partires das 18:00 horas. Os escaparates deberán permanecer invariables dende o último día do período de inscrición até o día 6 de xaneiro de 2018, e deberán ter visible o distintivo do concurso.

5.- O xurado estará composto por:

- Unha persoa nomeada polo Concello de Santa Comba
- Unha persoa nomeada pola Asociación de Empresarios de Santa Comba.
- Un responsable da Oficina Municipal de Consumo ou persoa na que delegue.

6.- Para a valoración dos escaparates terase en conta os seguintes aspectos:

- Deseño: a composición do escaparate e material utilizado, a creación artística e o traballo manual
- Orixinalidade: escaparates novidosos e/ou pouco vistos.
- Iluminación: iluminación extra, concorde e complementaria do escaparate.
- Referencia ao Nadal: referencia ao motivos navideños (tradicionalis e/ou festivos).
- Relación co produto que vende o establecemento.

7.- Establécense as seguintes categorías de premios:

- Primeiro premio: cincocentos (500) Euros Líquidos
- Segundo premio: trescentos (300) Euros Líquidos
- Terceiro premio: cento cincuenta (150) Euros Líquidos

- Aos finalistas entregaráselles un trofeo conmemorativo do premio

8.- O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos se o estimase oportuno.

9.- O xurado, unha vez examinados os escaparates, dará a coñecer o seu fallo, o que será comunicado de maneira persoal aos gañadores no acto dos premios que terá lugar na casa da Cultura. A decisión do xurado será inapelable.

10.- A fixación da data e hora que terá lugar o referido acto de entrega de premios será comunicada aos establecementos participantes con anterioridade suficiente para poder acudir ao acto.

11.- O feito de solicitar a participación neste concurso supón a aceptación destas bases.

Santa Comba, 27 de novembro de 2017.

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez